



Caldas de Reis, a 10 de Xullo de 2020

A primeira Vía Verde de Galicia estase executando o 100%, e pronto será unha realidade

A Goberno da Xunta de Galicia está comprometida coa Vía Verde do Salnés e de feito está a executar a parte mais custosa desta obra. En febreiro de este ano 2020 se asinou o convenio ca presenza da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda Angeles Vázquez e os representantes dos tres concellos. O interese mostrase cos feitos e a este acto nin acudiu Juan Manuel Rey nin o alcalde de Vilagarcía, so estivo o de Portas Ricardo Martínez.



Pese o vídeo de fai uns días do BNG de Caldas de Reis na ponte de ferro sobre o Umia onde cuestionaban que a Xunta de Galicia a fora a executar, a día de hoxe a obra está en marcha. Pero, ¿Quen financia a Vía Verde?, os datos son claros, a Xunta de Galicia pon 200.000,00 euros e o concello de Caldas de Reis 53.675,11 euros; e aínda por riba non foi quen de aportalos do orzamento municipal tiveron que ser aportados pola Deputación de Pontevedra vía Plan Concellos.

Lembramoslle o Alcalde de Caldas de Reis que as obras as promoven os que as pagan, e a administración que mais cartos pon nesta obra e a Xunta de Galicia de Alberto Núñez Feijoo e o demais son contos. A día de hoxe atopase o 100% da obra en execución por parte da empresa Tragsa.

Pero o colmo é que o Alcalde está a repartir por Godos unha carta asinada na que indica que a obra executase gracias o seu voto de calidade e aporta unha acta dun Pleno que non foi no que se tomou esa decisión, o Pleno que adoptou a decisión da sinatura do aluguer da antiga vía a ADIF para a construción da Vía Verde (que por certo contaba co informe negativo da Secretaria do Concello) celebrouse o día onde 2 de marzo de 2017 e na acta consta literalmente:

Fernando Pérez dixo: “está a favor da execución da vía verde, pero o convenio non se pode asinar tal e como está redactado; hai que abrir vías de negociación con ADIF, pois as condicións que impón ADIF son abusivas, e o réxime de responsabilidades inasumible”.

O voceiro do Partido Popular dixo: “o seu grupo tamén levaba no programa a posta en marcha da vía verde, que é un proxecto bonito, pero non poden estar de acordo coa proposta de Adif. Por que non lles propoñen a cesión da vía en lugar do arrendamento?”

O Alcalde dixo: “Se foramos os primeiros ou os últimos da vía votaríamos en contra, e se non está iniciado antes do 2018, o concello vai denunciar o convenio”.

O Pleno aprobou a sinatura do contrato de aluguer con sete votos a favor e só tres en contra, non fixo falta ningún voto de calidade, esta é a realidade, e este foi o único trámite da Vía Verde que precisou aprobación plenaria.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

O PSOE LOCAL PARA XUSTIFICAR A SUA NEFASTA XESTIÓN SEMPRE FAI ESTAS NOTAS DE ÚLTIMA HORA NAS ELECCIONS. QUE NON TE ENGANEN. OS FEITOS SON OS FEITOS

Queremos aproveitar para indicar que estamos a disposición de quen poida precisar aclaración de calquera tipo no teléfono 621224620 e no email info@ppcaldas.es.

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620